

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO LOXÍSTICO NO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de industria da Consellería de Economía, Industria e Innovación, Nicolás Vázquez Iglesias, **DECLARA:**

Que esta consellería formalizou co concello das Pontes de García Rodríguez o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24/10/2023 ata o 31/12/2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: Establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, e o concello das Pontes de García Rodríguez para a construción dun centro loxístico no Concello das Pontes de García Rodríguez.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina fundaméntase no seguinte:

A Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten atribuídas competencias nos ámbitos da promoción e dinamización da economía.

Na provincia da Coruña o concello das Pontes de García Rodríguez é un dos mais afectados polo peche das instalacións e das centrais de produción de enerxía abocadas á finalización da súa actividade, influíndo esta nova situación negativamente no desenvolvemento e progreso do seu territorio.

Para paliar na medida do posible os impactos negativos das novas políticas enerxéticas, a Xunta de Galicia e o Concello das Pontes de García Rodríguez, teñen a firme vontade de implementar novas iniciativas que contribúan ó crecemento económico deste concello, de xeito que poida afrontar da mellor maneira posible os novos desafíos que presenta o seu desenvolvemento sostible.



Debido ao peche da central térmica, o sector do transporte sufriu graves perdas económicas. Dado que na zoa existe una gran cantidade de empresas e autónomos con vehículos de transporte de mercadorías por estrada que viron reducida a súa actividade case ao mínimo, a opción da construción dun centro loxístico no concello representa unha gran oportunidade para o mantemento e creación de emprego. Contar cun centro loxístico de calidade para o almacenaxe e posterior distribución do stock almacenado é unha gran oportunidade de crecemento tanto para as empresas que se encontran co problema de falta de espazo para almacenar stock, como para o sector do transporte por estrada.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrência dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

